



1º de Maio: É TEMPO DE LOITAR CONTRA O CAPITALISMO

É HORA DE SAÍR Á RÚA POLOS NÓSOS DIREITOS!

Coa escusa da profunda crise do sistema, a grande patronal co apoio do goberno e a colaboración de sindicatos traidores, está condenando a millóns de traballadores ás fileiras do paro, á miseria económica máis profunda, aquela de non saber se nun futuro teremos dereitos ou pensións de retiro, seguridade social, un teito ou mesmo un anaco de pan para comer. Estamos ante unha terrible arremetida do capitalismo mundial contra os traballadores, ante un ataque brutal contra os nosos dereitos como clase e nunha situación mundial caracterizada pola agresividade e violencia imperialista contra os povos que resisten e son bandeira de dignidade.

Fronte a esta profunda crise que conta, como é natural, co auspicio da súa “clase política” (especialmente do PP e o PSOE), soamente temos unha opción: **loitar unidos**, erguer a nosa voz co puño ben alto e reclamar que a crise do capital sexa paga polos seus responsábeis, polos capitalistas que a provocaron, polo sistema, nunca pola clase obreira, vítima sistemática de esa casta parasitaria que é a patronal. Temos que recuperar o espírito de antano, botarnos sen medo a rúa, para esixir os nosos dereitos, desenmascarar os verdadeiros culpábeis e calarlle a boca a todos aqueles que preconizan o fin da loita de clases.. para garantimos o pan para os nosos fillos e familias.

Máis xa vai sendo hora tamén de reclamar o fin deste sistema opresor, primeiro responsábel de tantas calamidades, de romper dunha vez por todas coas cadeas que nos atan a un salario miserábel e a unha vida de subsistencia; é hora camaradas e compañeiros de exercermos o inmenso poder que temos se estamos unidos, o poder que nos corresponde como produtores para superar esta irracional sociedade de clases, tomar se é preciso (que vai sendo hora) as fábricas e medios de produción, expropiar a riqueza que nos rouba de xeito cotiá o noso inimigo de clase e que a oligarquía burguesa saiba que ante a nosa unión non pode facer nada porque somos nós os que facemos mover as máquinas; sen nós non hai nada!

A resposta contra este estado de cousas e contra este sistema irracional e inxusto, inoperante e agónico esta clara: **Folga Xeral** e caña contra o terrorismo patronal, **Folga Xeral** e caña contra a dereita e o fascismo que impulsa cada día, mais tamén fronte ao colaboracionismo traidor e domesticado, contra o sindicalismo vendido. **Folga Xeral** e caña contra o estado opresor e imperialista; contra o borbón e toda a súa prole de samesugas e parásitos! e que saiban que os seus días de vivir a costa nosa, pola cara, van rematar; que está a chegar o momento do cámbio, o momento de mudanzas profundas pois os traballadores e os povos xa estamos fartos e non temos nada que perder, agás as mesmas cadeas que nos escravizan a salarios indignos e horarios interminábeis.

Este Povo está farto, e ten que botar a andar sen ter medo de utilizar a vía que sexa precisa contra as castas parasitarias políticas, sindicais, bancarias e patronais. Loitar unidos, confiados e organizados por un futuro distinto, sen explotación e con xustiza social nunha Terra de seu, soberana, Ceive e Socialista en auténtico progreso e equilibrio coa natureza.

Nós comunistas que formamos parte do Partido Comunista do Povo Galego, pertencemos á clase traballadora, e por tanto non somos alleos a mesma nin estamos por riba de ela. As nosas ideas parten da loita de clases e o anti-imperialismo, como única vía para a emancipación do proletariado e da nosa Patria: Galiza. Unha loita incansábel, que hoxe cumpre 26 anos, polos dereitos da clase obreira e do conxunto do povo traballador galego.

Nós, militantes do PCPG chamamos a loitar, a ergérmos polo noso futuro, afortalando as nosas organizacións de clase e a impulsar a construción dun verdadeiro partido revolucionario dos traballadores galegos, un auténtico Partido Comunista no camiño da nosa definitiva emancipación como clase e como povo.

Neste día 1º de Maio, Día do Internacionalismo Proletario, nós comunistas galegos, rendemos homenaxe á loita do povo cubano que defende a súa Revolución e enfronta o bloqueo criminal dos EE.UU sendo facho e paradigma de liberación universal, do que son exemplo tamén cinco heroes, fillos de Cuba Socialista, que loitan desde dentro dos cárceres do monstro pola seguridade e soberanía do seu povo.

Non nos esquecemos do seu exemplo!. Cuba, os cinco, Palestina, Iraqe, Venezuela, Bolivia, Sahara.., mais tamén a nosa propia loita de liberación social e nacional pola que os nosos obreiros e mozos/as máis combativos sofren persecución, represión, despido, cárcere e mesmo tortura aos que mostramos toda a nosa solidariedade!. Eles e elas mostran que é posibel enfrontarse con éxito á ditadura do capital e do imperialismo.

Contra o capital: FOLGA XERAL!

Por un mundo sen explotación. Por unha Galiza Ceive e Socialista!

VIVA O 1º DE MAIO!. Viva o Internacionalismo Proletario!

Únete o PCPG!. Únete a loita contra o sistema capitalista!

PARTIDO COMUNISTA DO POVO GALEGO P. C. P.G

(www.pcdopg.blogspot.com / pcdopg@gmail.com)

